

Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados..

A mesa!

—Á mesa!... Á mesa!... Á mesa!... Á mesa! —chama a voz monótona do Tetaclac, o ordenador do meu tío.

Frank vai á cociña. Coas mans nos petos, Pierre asubía observando o robot que trae do forno, seguindo as indicacións do ordenador, uns pratos gratinados. Engaiolado, o informático explicalle ao sobriño:

—É a primeira vez que o Tetaclac executa unha tarefa complicada: puré de patacas gratinado!

—E iso é complicado?

—Pois claro! Primeiro fai o puré sobre o fogón, cóbreo ben con queixo e despois méteo no forno .

—Á mesa!... Á mesa!... Á mesa! —interrómpeos o Tetaclac como un cocíñeiro desgustado de ver que arrefria a comida.

—A codia está perfecta, ben estendida e dourada

—éche unha marabilla Pierre—; non tiña moi claro que o robot sabería repartir ben o queixo. Semella que isto da cociña se lle dá moi ben.

—Á Mesa!... Á Mesa!... Á Mesa! —volve dicir o ordenador, nervioso pola ausencia do terceiro comensal.

—Pero... que fai Babbi? —pregunta Pierre, inquieto polo avó, a quen chaman Babbi afectuosamente—. Ah, ai está!

O avó explica que lle custou ferro e fariña desfacerse das pólás e das follas que se lle engancharan no cabelo esa mañá.

Entón Frank lembra a chegada de Babbi ao despacho, hai un momento. Babbi tiña algo que quería dicir e ninguén o quixera escoitar.

—Babbi, que era iso que dis que viches cando paseabas esta mañá?

—Un cuco! —dixo o avó.

E explica como é que estivo agochado unha chea de tempo detrás dunha matogueira para conseguir ver ese paxaro tan extraordinariamente secreto. Tan secreto, que poderíamos dubidar da súa existencia se non fose porque pon os ovos nos niños doutros paxaros.



2 Marca que oración explica o argumento xeral do texto.

- A codia do puré de patacas está ben dourada. O avó ve un cuco.
 Un robot cociña para os personaxes da historia. O avó chega tarde á cociña.

3 Completa buscando os nomes e os datos na lectura.



_____ é o neno que protagoniza a historia. Foi de visita á casa



de _____, que é o seu tío, e de _____, que é o seu avó.



_____ é informático e inventou un _____ que fala;



chámase _____ e pode controlar outros aparellos, coma un _____



4 Marca. Que queren dicir estas expresións da lectura?

• Engaiolado.

Metido nunha gaiola.

Moi contento e satisfeito.

Preocupado.

• Custoulle ferro e fariña.

Supúxolle un grande esforzo.

Foi moi caro.

Tivérono que axudar.

5 Explica por que Pierre está tan contento.

6 Ordena os pasos que tivo que seguir o robot para preparar o prato.

- Poñer o puré no forno. Cubrir o puré con queixo. Facer o puré sobre un fogón.

7 Arrodea o prato que preparou Tetaclac.



8 Escribe cada palabra diante do significado que ten na lectura.

monótono gratinar matogueira codia comensal

- _____ ► Dourar un alimento no forno.
- _____ ► Parte dura que queda sobre un alimento gratinado.
- _____ ► Conxunto espeso de maleza.
- _____ ► Que sempre é igual ou varía moi pouco e resulta aburrido.
- _____ ► Cada unha das persoas que comen na mesma mesa.



9 Responde estas preguntas.

- Que foi o que viu o avó esa mañá? _____

- Que tivo que facer para velo? _____

- Que lle pasou no cabelo? _____

- Que peculiaridade ten o paxaro do que fala o avó?

10 Copia a palabra primitiva que destacamos e completa a táboa coas catro palabras derivadas desta que hai no texto.



O avó era friorento e no bosque colleuno o **frío**. Mientras xantaban, espirrou.
 —Xa estou arrefriado! —laiouse.
 —Non che senta nada ben a friaxe da mañá. Deberías saír máis tarde —dixo Frank.
 —O problema non é a hora! É que pasei moito tempo agochado na matogueira para ver o cuco e, co arrefriamento desta época do ano, os pés quedáronme coma o xeo e ainda non queceron de todo!

PRIMITIVA	DERIVADAS		

TRABALLO LINGUA 5º A mesa!

- 11 Subliña as formas verbais e indica a persoa e o número.

	PERSOA	NÚMERO
Pierre traballa con ordenadores.		
Viches algunha vez un robot?		
Descubrín un cuco esta mañá.		
Nós comemos puré de patacas.		
Os comensais cean sen presa.		
Babbi, que dicías antes?		



- 12 Indica de que tipo é a forma non persoal destacada: infinitivo, xerundio ou participio.



- Pierre asubiaba, observando o traballo do robot. ► _____
- As pólás quedaran enganchadas no cabelo do avó. ► _____
- O robo, xa tiña cociñado moitos pratos diferentes! ► _____
- Sempre é divertido visitar o tío e o avó. ► _____

- 13 Localiza na lectura estas palabras con acento diacrítico e explica por que se acentúan.

dá _____

pólás _____

- 14 Fai un breve resumo da lectura.
